

pre-texto 48



Dende a Programación Expandida do TRCDanza 2019 e con motivo da presentación de “Plastic” de Paula Quintas o vindeiro 16 de marzo no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, convidamos ao xestor cultural Manu Lago á elaboración deste Pre-Texto.

Manu Lago é Master en Xestión Cultural, Licenciado en Historia da Arte e Técnico Superior en Artes Plásticas. Traballa na produción, distribución e xestión de varias compañías e festivais dende *Galicia Danza Contemporánea*, difunde outras facetas de creadoras galegas dende *Isto é danza* e traballa na actualización do *Arquivo Online da Danza Contemporánea de Galicia*.

Manu Lago sobre Paula Quintas.

Así para comezar: son moi afortunado profesionalmente por traballar con compañías que crean espectáculos que, como espectador, me fan achegarme ao benestar. No caso de “Plastic” da compañía Paula Quintas - Traspediante, primeiro espectáculo individual de formato longo da intérprete, son parte do equipo xunto con Rut Balbís, Afonso Castro, Fany Bello, Miramemira, Fotográfica Oviedo e comparto a tarefa de distribución con Belém Brandido - Pistacatro.

Á hora de traballar con algunha compañía/creadora gústame coñecer todo o traballo previo e saber de onde vén e cara onde lle gustaría ir, motivo polo que non me disgusta nada facer quilómetros de furgoneta na súa compañía escoitando todo canto sexa posible, no mesmo sentido que me parece un luxo poder formar parte dun equipo de produción e coñecer o espectáculo desde o momento no que é un proxecto nun papel ata asistir a boa parte do proceso de creación e realizar a estrea.

Na memoria gardo a primeira vez que vin a Paula Quintas bailando: o plató de cine da Facultade de Xornalismo de Compostela albergaba o espectáculo “Microimpactos” de *Voltage Opposites Project* (danza, vídeo e son a cargo de Paula Quintas, Adriana Pazos Ottón e Xoán-Xil López). Desá edición da Feira de Arte *Cuarto Público* xa fai uns 5 anos e, mentres, fun descubrindo o traballo de Paula. Hai

moito que coñecer e ver: arame, corda lisa, novo circo, danza contemporánea, didáctica, *Festival Corpo(a)terra*, *Escola de Danza Alfaia*, galas... innumerables maneiras de ver as artes do movemento.

“Plastic” forma parte da produción dunha compañía atípica xa que é un contedor de espectáculos, individuais ou grupais, das súas tres integrantes: Marta Alonso, Begoña Cuquejo e Paula Quintas e por iso abarca un espectro moi amplo de linguaxes, formatos, tendencias, misturando en moitas ocasións a danza contemporánea e o novo circo. É ben curioso que este espectáculo fale de corpos como contedores.

En “Plastic” xúntanse elementos coñecidos que fan aparecer un novo e conseguen que poida ver o espectáculo unha e outra vez sen cansar, esquecéndome das cuestións relacionadas coa distribución, e disfrutándoo cada vez.

Támén é atípico convidar a unha creadora externa á compañía para a dirección artística do proxecto, neste caso a Rut Balbís, a quen coñecemos de sobra por *Pisando Ovos*. Penso que este cúmulo de “atipicidades” é a base de algo novo. E digo novo porque este non é un espectáculo de *Pisando Ovos* interpretado por Paula Quintas: recoñecemos algúns elementos e movementos de Rut noutro corpo e noutro lugar sen ver con exactitude esa linguaxe concreta que unha creadora leva a cabo nun encargo para outra compañía. Isto paréceme sorprendente e, no caso de Rut Balbís, xa me ocorrera ao ver *Airenoar*. En “Plastic” ese novo espazo habitado é Paula Quintas, desprovista de todo tipo de elementos circenses, ao que nos ten máis acostumados, quen enche o escenario con moitísima forza e nos engancha. Parece que vén espida, cara nós, a contarnos un segredo en voz alta. De calquera xeito, en “Plastic”, Paula non é unha mera intérprete. É obvio que o proceso de creación parte de ambas en simbiose. Un marabilloso descubrimento ver á Paula máis física, máis coreográfica, arroupada por un excelente espazo sonoro, a delicada iluminación de Afonso Castro ou o vestiario tan apropiado de Fany Bello. A estética coidada tamén é unha marca en Paula Quintas, quizais pola súa formación en Historia da Arte, e por iso non é estraño o equipo formado para esta produción. “Plastic” paréceme un espectáculo cun gran acabado de principio a fin, deses que poucas veces ocorren porque nel funcionan todos os elementos, visibles e invisibles, e todos se sincronizan nunha mesma dirección.

Por outra banda considero a “Plastic” un exemplo que xustifica a necesidade de dispoñer espazos para encontros de artistas para a creación e investigación, do xeito das Residencias Paraíso do *Colectivo RPM* onde vemos que reúnen creadoras que non adoitamos ver nos mesmos tra-

ballos: os que chegan a exhibirse son sorprendentes, deixa entrever tal mundo de posibilidades que a cabeza estoupa, as linguaxes medran de xeito exponencial neste tipo de colaboracións que van máis alá dos equipos habituais das compañías.

“Plastic”, para rematar, paréceme un espectáculo liberador e isto que segue é un spoiler. A escena final do espectáculo, a presenza, o movemento, a música e o sorriso de Paula mentres baila son unha patada na cara que nos desperta de todos os nosos malestares e nos bota fóra do teatro cun sorriso de satisfacción e con todas a ganas posibles de disfrutar da vida.

pre-texto número 48, publicado o 11 de marzo de 2019.

Este texto foi escrito por Manu Lago, en resposta ao convite do Proxecto de Programación Expandida do TRCDanza 2019 para a liña de publicacións denominada “PreTextos” na que un profesional é convidado a poñer en contexto a obra dun determinado artista convidado ao programa TRCDanza, programa estable de danza do Teatro Rosalía de Castro de A Coruña.